

A paso firme e elegante

Friol ponse a galopar pola feira

OS AMANTES E PROFESIONAIS DO MUNDO EQUINO DÉRONSE CITA ONTE NESTE CONCELLO PARA CELEBRAR A SEXTA EDICIÓN DA FESTA DO CABALO

► TEXTO: LARA LOZANO

FOTOS: XESÚS PONTE

O son das ferraduras e o paso firme e elegante, que fan do cabalo un animal especial, marcaron a sexta edición da Feira do Cabalo celebrada onte no municipio lucense de Friol.

Deste xeito o Concello organizou un certame equino que «conta cunha traxectoria bastante consolidada nesta zona» na que os veciños teñen especial devoción polos cabalos e que se celebra «nunhas datas nas que vén moita xente de fóra a visitarnos», segundo comentou o alcalde de Friol, Antonio Muña Penas.

O mercado, aberto ao público e aos xinetes participantes dende as 10.00 horas da mañá, contou con milleiros de visitantes, chegados para participar nas diferentes actividades entre as que destacaron os paseos de ponis gratuítos para os máis pequenos da casa.

«Non esperabamos tanta afluencia de participantes nas modalidades de raza galega e cabalos cruzados do concurso morfolóxico», comentou para expresar a súa satisfacción Isabel García, unha das integrantes da organización que tamén destacou a boa «calidade dos exemplares».

Cando o reloxo marcaba as 13.30 horas os premiados no concurso morfolóxico agardaban o veredicto dun xuíz especializado no mundo equino. Os gañadores recolleron os trofeos e premios, dos cales os primeiros eran de 150 euros. Cabe así, destacar os recoñecementos, que sumaban un total de 3.000 euros en efectivo entre todas as modalidades. No morfolóxico: cabalos e eguas do país así como cruzados; en anda-

— O certame equino destacou polo gran número de participantes e pola cuantía de premios

dura: serrada e chapeada de cabalos do país e cruzados de trotón.

Entrada xa a tardiña arrancou o concurso de andadura, que contou cun número considerable de participantes e no que destacou a categoría de trotóns pola súa espectacular actividade.

Pero, o que tamén resaltou polo número de aficionados, foi a Xincana Popular na que os veciños da localidade demostraron as súas habilidades como xinetes, así como a calidade dos seus exemplares, nun percorrido con múltiples obstáculos e exercicios. O gañador desta actividade foi Belogama, un veciño do lugar que galopaba unha egua chamada Lolita. Todos os participantes na proba levaron un saco de pienso e un corrector para o gando en agradecemento á súa participación.

Pero como todo o bo, este cita obrigada para os amantes do mundo cabalar rematou co tradicional sorteo dun poldro, cedido polo Concello, entre todos aqueles que colaboraron traendo á feira o seu exemplar equino, ben fose egua, cabalo, poni ou mula.

COLABORACIÓN. Este certame, que comezou a celebrarse hai algún anos, sumou unha edición máis, pero nunha data distinta da tradicional.

Como era costume, esta cita coincidía coa feira mensual que celebra a localidade, mais este ano por cuestións de infraestruturas e obras nas mesmas a cita mudou de día. Así pois, este non foi un impedimento para que veciños e visitantes aficionados asistisen á cita, financiada polo Concello, que aposta por ela ano tras ano.

Como primicia deste ano, a Asociación de Criadores do Cabalo de Pura Raza Galega (Puraga) colaborou na celebración da VI Feira do Cabalo de maneira especial.

Ademais deste apoio, tamén sumaron forzas os veciños do monte veciñal de mancomún de Carballo ao que se lles agradeceu, en nome da organización, o seu labor.



A actividade equina nesta cita cabalar en Friol.



VETERINARIOS
CLÍNICOS
EQUINOS

SERVETEQ
Servicios Veterinarios Equinos

www.serveteq.es
serveteq@serveteq.es

● O Abeledo-Laxes-Camposo-27163-O Corgo-Lugo
☎ 686 948 488-608 080 764